

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

439 *Real decreto 1/2009, do 9 de xaneiro, de revalorización e complementos das pensións de clases pasivas para o ano 2009.*

A Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, contén, dentro do seu título IV e disposicións concordantes, os criterios básicos para determinar o importe das pensións públicas, fixando, con carácter xeral, a súa revalorización de acordo co índice de prezos de consumo (IPC) previsto para o dito exercicio económico.

Pola súa parte, na disposición adicional décimo segunda establécense as normas sobre o mantemento do poder adquisitivo das pensións e doutras prestacións públicas no ano 2009, polas que se deberán adaptar os seus importes ao incremento real experimentado polo IPC no período de novembro de 2007 a novembro de 2008, que alcanzou un 2,4 por cento, e facúltase, ademais, o Goberno para que actualice os valores consignados no título IV e disposicións concordantes ao citado IPC.

Mediante este real decreto desenvólvense, en materia de clases pasivas, as indicadas previsións legais fixando os importes actualizados dos haberes reguladores das pensións de clases pasivas do Estado, así como a contía do límite máximo de percepción para 2009. Pola súa vez, establécese a revalorización das pensións nun dous por cento, calquera que sexa a súa lexislación reguladora, salvo as excepcións legalmente previstas.

Así mesmo, fíxanse neste real decreto as regras e o procedemento para efectuar a revalorización, aínda que, con carácter previo á súa aplicación e co fin de garantir o mantemento do poder adquisitivo das pensións de clases pasivas, as contías correspondentes a 31 de decembro de 2008 se deberán regularizar conforme o citado incremento real do IPC.

Dispónse, tamén, o aboamento en favor dos pensionistas de clases pasivas dunha cantidade de pagamento único equivalente á diferenza entre a pensión percibida durante 2008 e a que tería correspondido de se ter revalorizado aquela nun 2,4 por cento, dando así cumprimento ao mandato contido na mencionada disposición adicional décimo segunda.

Por outra parte, régúlase o sistema de complementos económicos para as pensións mínimas, tamén previsto na citada lei, que experimentan un incremento entre o 3 e o 6 por cento, segundo a situación do pensionista e a clase de pensión de que se trate, co fin de garantir en todo momento un adecuado nivel de ingresos para os que non alcancen os importes mínimos legalmente establecidos.

Debido ás súas especiais características, nun capítulo independente establécese a revalorización das pensións de clases pasivas recoñecidas ao abeiro dos regulamentos comunitarios.

En definitiva, este real decreto dá cumprimento a través das mencionadas medidas a aquelas previsións legais, para facilitar a súa rápida aplicación en beneficio dos colectivos afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xaneiro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Normas xerais sobre actualización de haberes reguladores e revalorización das pensións de clases pasivas para o ano 2009

Sección 1.^a Actualización de haberes reguladores para a determinación inicial das pensións e límite máximo de percepción

Artigo 1. Importes regularizados dos haberes reguladores para o ano 2009.

1. De conformidade co disposto no punto cinco da disposición adicional décimo segunda da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, os haberes reguladores consignados no título IV da dita lei para a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado, calquera que sexa a súa lexislación reguladora, e das pensións especiais de guerra con data de efectos económicos en 2009, unha vez regularizados os seus importes, mediante a aplicación do 2,4 por cento ás contías vixentes o 31 de decembro de 2007, con carácter previo á súa revalorización nun 2 por cento, serán os que figuran no anexo I deste real decreto.

2. No caso de pensións de xubilación ou retiro e de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado, que se causen durante 2009 ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, a contía inicial que corresponda corríxirase mediante a aplicación da porcentaxe do 1 e 2 por cento, segundo proceda, establecida para os anos 2004, 2006, 2007 e 2008 no punto catro das disposicións adicionais quinta e sexta, así como da disposición adicional décima, das leis 61/2003, do 30 de decembro, 30/2005, do 29 de decembro, 42/2006, do 28 de decembro, e 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004, 2006, 2007 e 2008, respectivamente.

Para tal efecto, computarase a mellora por fillo a cargo que poida corresponder nas pensións de viuvez por aplicación das leis 19/1974, do 27 de xuño, e 74/1980, do 29 de decembro.

Artigo 2. Límite máximo de percepción para o ano 2009.

O límite máximo de percepción para as pensións públicas regulado no título IV da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, unha vez regularizado o seu importe, mediante a aplicación do 2,4 por cento á contía vixente o 31 de decembro de 2007 e a súa posterior revalorización nun 2 por cento, queda fixado en 2.441,75 euros/mes ou 34.184,50 euros/ano.

Sección 2.^a Revalorización de pensións

Artigo 3. Contía do incremento para o ano 2009 das pensións de clases pasivas.

De conformidade co disposto no punto un do artigo 44 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, as pensións aboadas por clases pasivas incrementaranse nun dous por cento respecto das contías que a aquelas lles terían correspondido en 31 de decembro de 2008, salvo as reguladas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, que se adaptarán aos importes que correspondan conforme a súa lexislación propia.

Para efectos da revalorización prevista no parágrafo anterior e con carácter previo, a contía correspondente ás pensións en 31 de decembro de 2008 deberase actualizar mediante a aplicación a estas do coeficiente 1,0039216.

Artigo 4. *Pensións non revalorizables durante o ano 2009.*

Non obstante o disposto no artigo anterior, e en aplicación do establecido no punto un do artigo 45 da expresada Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, non experimentarán ningún incremento as seguintes pensións de clases pasivas:

a) Aquelas cuxo importe íntegro, sumado, se é o caso, ao importe íntegro mensual doutras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda os 2.441,75 euros íntegros en cómputo mensual cando este titular teña dereito a percibir 14 mensualidades ao ano ou, noutro suposto, os 34.184,50 euros en cómputo anual, de acordo coa actualización de importes establecida no artigo 2 deste real decreto.

b) As recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado e causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percíbise esta pensión por tal condición.

Artigo 5. *Pensións extraordinarias por actos de terrorismo.*

1. De acordo co establecido no artigo 45.un.a), parágrafo segundo, e no artigo 46. catro da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, así como no Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, as pensións extraordinarias de clases pasivas orixinadas en actos terroristas están exentas das normas excluíntes ou limitativas recollidas no artigo 4.a) e o artigo 6.2.^a deste real decreto.

2. No suposto de que, xunto con algunha das pensións mencionadas no punto anterior, determinada persoa tivese dereito a percibir en 31 de decembro de 2008 algunha ou algunhas outras pensións públicas, as normas excluíntes ou limitativas, antes citadas, si serán aplicables respecto destas últimas.

Artigo 6. *Regras para o incremento das pensións de clases pasivas.*

A aplicación do incremento establecido no artigo 3 deste real decreto axustarase ás seguintes regras:

1.^a O incremento aplicarase ás pensións causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009 e sobre o importe que resulte de actualizar, nos termos establecidos no parágrafo segundo do citado artigo 3, a contía mensual íntegra que percíbise ou lle tería correspondido percibir ao seu titular o 31 de decembro de 2008.

Se as pensións causadas antes do 1 de xaneiro de 2009 estivesen pendentes de recoñecemento na data indicada, determinarase a súa contía inicial para o exercicio de 2008 ou, se é o caso, exercicios anteriores, e deberá terse en conta que os valores consignados no anexo I do Real decreto 1761/2007, do 28 de decembro, de revalorización e complementos das pensións de clases pasivas para o ano 2008, se deben actualizar, cando así proceda, mediante a aplicación do coeficiente 1,0039216. Seguidamente procederase á súa actualización conforme as normas que sobre revalorización, concorrencia de pensións e limitación do seu crecemento se conteñen nas leis de orzamentos correspondentes, aplicándose para o ano 2009 o incremento procedente.

2.^a Para efectos do disposto no artigo 46 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, o importe da pensión ou do conxunto de pensións aboadas con cargo ao crédito de clases pasivas que perciba un mesmo titular, unha vez aplicado o incremento procedente a cada unha delas, estará limitado á cantidade de 34.184,50 euros íntegros anuais; comprenderase nesta cantidade tanto o importe das mensualidades ordinarias como o das pagas extraordinarias que puidesen corresponder.

Nas pensións de viuvez, os incrementos por fillos que se poidan ter recoñecido ao abeiro da Lei 19/1974, do 27 de xuño, e da Lei 74/1980, do 29 de decembro, non se computarán, en ningún caso, para efectos da aplicación do límite máximo de percepción establecido no parágrafo anterior.

No suposto de que nun mesmo titular concorran unha ou varias pensións de clases pasivas con outra ou outras pensións públicas, o valor da pensión ou conxunto de pensións de clases pasivas terá como límite unha cifra que garde coa de 34.184,50 euros íntegros

anuais a mesma proporción que esa pensión ou pensións teñan co conxunto total de pensións públicas que perciba o seu titular.

Este límite (L) obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = \frac{CP}{T} \times 34.184,50 \text{ euros anuais}$$

sendo «CP» o valor íntegro teórico anual alcanzado en 31 de decembro de 2008 pola pensión ou pensións de clases pasivas, e «T» o resultado de engadir á cifra anterior o valor íntegro en termos anuais das outras pensións públicas en idéntico momento.

3.^a Establecido para cada suposto e conforme as regras anteriores o límite anual máximo dunha pensión, este límite dividirase entre o número de mensualidades ordinarias e pagas extraordinarias que, respecto da anualidade e conforme a lexislación aplicable, teñan dereito a percibir os pensionistas, constituíndo a cifra resultante o importe mensual que percibirá o titular daquela pensión en cada mensualidade ordinaria e paga extraordinaria.

Artigo 7. *Procedemento para a revalorización.*

1. A revalorización das pensións de clases pasivas para 2009 será practicada de oficio polas delegacións de Economía e Facenda que exerzan competencias en materia de clases pasivas ou pola Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda, segundo corresponda, aínda que esta última poderá efectualo con carácter centralizado cando por razóns de axilidade e simplificación resulte conveniente.

2. Esta revalorización levarase a cabo tendo en conta os datos que constan respecto de cada titular de pensión en 31 de decembro de 2008. Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 21.2 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, poderase requirir calquera perceptor de clases pasivas para que facilite información respecto da súa situación económica cos efectos que na dita norma se prevén.

3. De acordo co disposto no punto tres do artigo 46 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, a revalorización terá carácter provisional mentres que a Administración comprobe a procedencia da percepción da súa contía, en función das outras percepcións do titular dunha pensión ou pensións e das normas en materia de concorrencia e incompatibilidade que resulten aplicables en cada caso.

Se da elevación a definitiva da revalorización anteriormente practicada se obtivese a evidencia de que se percibiron cantidades en exceso, o pensionista estará obrigado a reintegrar o indebidamente percibido. Sen prexuízo do anterior, no suposto de que o interesado cometese na súa declaración falsidade ou omisión de datos, poderán serlle exixidas as correspondentes responsabilidades en que puidese incorrer.

CAPÍTULO II

Complementos para mínimos

Artigo 8. *Complementos económicos para as pensións de clases pasivas durante o ano 2009.*

1. De acordo coas previsións contidas nos puntos un, dous e tres do artigo 47 e no punto cinco da disposición adicional décimo segunda da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, a aplicación durante o expresado ano de complementos económicos ás pensións do réxime de clases pasivas axustarase ás seguintes regras:

a) Poderase complementar aquela pensión do réxime de clases pasivas, calquera que fose a data en que se causou, que non alcance o mínimo correspondente que figura na columna A do cadro que se inclúe no punto 2 deste artigo, sempre que se recoñecese ao abeiro da lexislación xeral na materia e que o seu titular non perciba durante o exercicio de 2009 ingresos de traballo ou de capital ou que, percibíndoos, non excedan os 6.923,90 euros ao ano.

b) En caso de percibir un mesmo beneficiario varias pensións das referidas no parágrafo anterior, o complemento aplicarase, cando proceda, respecto daquela pensión que, en atención á súa natureza, teña asignado un importe maior na columna A do cadro que se inclúe no punto 2 deste artigo.

c) A contía do complemento será a necesaria para que a pensión que se vai complementar, en cómputo íntegro mensual, incrementada, se é o caso, co importe íntegro mensual de todas as restantes pensións aboables con cargo ao crédito de clases pasivas ou outras pensións públicas percibidas polo beneficiario, alcance o mínimo correspondente á columna A do mencionado cadro.

Non obstante, no suposto de que se teña recoñecida unha parte proporcional da pensión de viuvez, o complemento para mínimos aplicable, se é o caso, serao na mesma proporción que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión.

O importe que se terá en conta será, para as pensións de clases pasivas, o que resulte unha vez revalorizadas estas de acordo co disposto neste real decreto, e para as restantes pensións de carácter público, o que estea percibindo o beneficiario no momento de presentar a solicitude a que se refire o punto 2 do artigo seguinte.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equipararanse a rendas de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social, así como as pensións percibidas con cargo a unha entidade estranxeira, cos excepción establecida no punto 3 do seguinte artigo 11.

d) O complemento minorarase ou, se é o caso, suprimirase, na contía necesaria para que a suma, en termos anuais, da pensión complementada segundo o disposto no parágrafo anterior, xunto con todas as rendas de traballo ou substitutorias destas ou de capital, percibidas polo beneficiario, non supere o límite correspondente da columna B do cadro que figura a continuación.

Para estes efectos, o concepto de renda definirase conforme a lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas, aínda que se terán en conta, en todo caso, os ingresos correspondentes a calquera pensión de carácter público, estean estas sometidas ou non ao mencionado imposto; as pensións de clases pasivas tomaranse no seu valor anual unha vez revalorizadas conforme o disposto neste real decreto; as restantes pensións públicas terán o valor anual que corresponda no momento de presentar a solicitude referida no punto 2 do seguinte artigo; e as rendas de traballo e de capital tomaranse no valor percibido no ano 2008, debéndose excluír as deixadas de percibir por motivo do feito causante das distintas pensións, así como aquelas que se probe que non deben ser percibidas no ano 2009.

Támén se computarán entre tales ingresos as plusvalías ou ganancias patrimoniais, valoradas conforme a lexislación fiscal, así como os rendementos que se poidan deducir do montante económico do patrimonio, aplicando ao seu valor un tipo de xuro do 2,75 por cento, coa excepción da vivenda habitualmente ocupada polo pensionista e dos bens cuxas rendas fosen computadas.

2. Para efectos do disposto no punto anterior teranse en conta as seguintes contías:

| | A Pensión mínima mensual | B Ingresos anuais máximos |
|--|----------------------------------|---|
| Pensión de xubilación ou retiro cando existe cónxuxe a cargo do titular. | 696,19 euros | 16.670,56 euros |
| Pensión de xubilación ou retiro sen cónxuxe: unidade económica unipersoal | 561,55 euros | 14.785,60 euros |
| Pensión de xubilación ou retiro con cónxuxe non a cargo | 546,55 euros | 14.575,60 euros |
| Pensión de viuvez | 561,55 euros | 14.785,60 euros |
| Pensión ou pensións en favor doutros familiares, sendo «n» o número de beneficiarios da pensión ou pensións. | $\frac{561,55 \text{ euros}}{n}$ | $6.923,90 + \frac{7.861,70 \text{ euros}}{n}$ |

No suposto de pensión ou pensións en favor doutros familiares que fosen percibidas por varios beneficiarios, a cifra resultante da columna A do cadro anterior non será inferior a 175,82 euros mensuais, respecto de cada un daqueles beneficiarios cuxos ingresos anuais non superen os que figuran na columna B. Non obstante, cando algún dos beneficiarios sexa orfo discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por cento, a contía mínima que se lle recoñecerá ao dito orfo será de 346,23 euros mensuais, sempre que cumpra o requisito de límite de ingresos citado.

Nas pensións de viuvez, os incrementos por fillos que se poidan ter recoñecido ao abeiro da Lei 19/1974, do 27 de xuño, e da Lei 74/1980, do 29 de decembro, non se computarán para efectos da aplicación do mínimo establecido no cadro anterior.

Para idénticos efectos, entenderase que existe cónxuxe a cargo do titular cando este estea convivindo co pensionista e dependa economicamente del. Presumirase a convivencia sempre que se conserve o vínculo matrimonial, sen prexuízo de que esta presunción se poida destruír de a Administración comprobar o contrario, e para os mesmos efectos entenderase que existe dependencia económica cando os ingresos do cónxuxe, por calquera concepto, non superen o salario mínimo interprofesional vixente.

3. Os complementos económicos regulados neste precepto, que se aboarán en doce mensualidades ordinarias e dúas extraordinarias, todas elas de igual contía, non serán en ningún caso consolidables e serán absorbibles por calquera futuro incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa por revalorización ou polo recoñecemento no seu favor de novas pensións públicas.

4. De conformidade co disposto no artigo 21.5 do Real decreto 1288/1990, do 25 de outubro, poderán acceder ao dereito a mínimos os beneficiarios de pensión de clases pasivas que a obtivesen ao abeiro da expresada norma.

Artigo 9. *Procedemento en materia de complementos económicos.*

1. Correspóndelles á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas e ás distintas delegacións de Economía e Facenda que exerzan competencias en materia de clases pasivas, respecto dos haberes consignados nas súas respectivas unidades de clases pasivas, recoñecer e determinar os complementos económicos que procedan, de acordo co establecido no precedente artigo 8, sen prexuízo de que a dita función poida ser solicitada total ou parcialmente pola indicada dirección xeral.

2. O procedemento iniciarase por pedimento do interesado mediante solicitude dirixida á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas, ou á Delegación de Economía e Facenda, segundo figure consignado o pagamento da súa pensión na respectiva unidade de clases pasivas. Esta solicitude axustarase e cubrirase de acordo co modelo establecido para o efecto.

3. Á vista dos datos consignados polo solicitante do complemento económico e, se é o caso, da consulta informática ao Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, a oficina administrativa ditará, sen máis trámites, a resolución que proceda, sen prexuízo de que esta sexa revisable en calquera momento, en atención á comprobación ou inspección dos datos consignados ou á variación dos elementos condicionantes do dereito ao complemento.

De a solicitude dos complementos económicos se formular, por vez primeira, durante este exercicio, os seus efectos económicos retrotraeranse, como máximo, ao 1 de xaneiro de 2009 ou á data de arrinque da pensión se esta for posterior.

Non obstante, se a solicitude de tal recoñecemento se efectuase con ocasión de exercer o dereito ao cobramento da pensión, os efectos económicos poderán ser os da data de arrinque daquela, cunha retroactividade máxima dun ano desde que se soliciten e sempre que se reúnan os requisitos necesarios para a súa percepción.

4. Se, unha vez recoñecidos os complementos económicos, se comprobar a existencia dalgunha contradicción entre os datos declarados e a realidade, o solicitante estará obrigado ao reintegro do indebidamente percibido, sen prexuízo de que se deduzan na súa contra outras posibles responsabilidades de acordo co ordenamento xurídico.

Para efectos desta revisión, e de acordo co disposto no artigo 21 do vixente texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, o pensionista deberalle facilitar á Administración a información que lle sexa formalmente requirida, e poderá suspenderse o pagamento do complemento en caso de incumprimento desta obriga.

5. O perceptor dos complementos de pensión estará obrigado a pór en coñecemento da Administración, no momento de se producir, calquera variación na composición ou contía dos ingresos declarados na solicitude, así como calquera variación do seu estado civil ou da situación de dependencia económica do seu cónxuxe respecto do inicialmente declarado. O incumprimento desta obriga, se del se seguir a percepción indebida de cantidades, dará orixe ao reintegro destas.

6. Queda facultada a Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas para ditar cantas instrucións de servizo puidesen resultar convenientes, co fin de axilizar os trámites para a percepción dos complementos a que se refire este artigo.

Artigo 10. *Prohibición de concesión de complementos económicos en clases pasivas.*

1. No suposto de que un pensionista de clases pasivas tiver dereito a percibir, de acordo coas normas deste real decreto, un complemento económico e por ser beneficiario ademais doutras pensións públicas, aboadas con cargo a réximes públicos de previsión diferentes, tiver así mesmo dereito a algún outro complemento, conforme o disposto nos artigos 47 e 48 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, non poderá percibir o complemento correspondente á pensión de clases pasivas salvo nos seguintes casos:

a) Cando as pensións dos distintos sistemas sexan da mesma natureza e o importe íntegro mensual da pensión de clases pasivas for de superior contía ao importe correspondente á outra pensión pública susceptible de ser complementada.

b) Cando as pensións que percibirá o interesado foren de distinta natureza e o importe mínimo mensual de pensión correspondente á de clases pasivas for de maior contía que o da outra pensión pública.

2. Nos dous supostos recollidos no punto anterior, non se poderá tomar en consideración o complemento económico a que puider ter dereito o interesado pola pensión allea ao réxime de clases pasivas, para determinar o importe do complemento que polo dito réxime lle corresponda, conforme as regras do artigo 8 deste real decreto.

CAPÍTULO III

Pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos comunitarios en materia de seguranza social

Artigo 11. *Revalorización das pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos comunitarios en materia de seguranza social.*

1. A revalorización das pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos comunitarios, das cales estea a cargo do réxime de clases pasivas un tanto por cento da súa contía teórica, levarase a cabo aplicando este tanto por cento ao incremento que tería correspondido de se encontrar a cargo do citado réxime o 100 por cento da pensión.

2. Á pensión rateada, unha vez revalorizada de acordo co disposto no número anterior, engadiráselle, cando así proceda en aplicación das normas xerais establecidas, o complemento para mínimos que corresponda conforme as normas contidas no capítulo II deste real decreto. Este complemento calcularase aplicando a mesma porcentaxe que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión, á diferenza resultante entre a contía que tería correspondido se se encontrar a cargo do réxime de clases pasivas o 100 por cento da pensión e o mínimo establecido para a prestación de que se trate.

3. Se, despois de ter aplicado o disposto no punto anterior, a suma dos importes reais das pensións recoñecidas, tanto en virtude da lexislación española como estranxeira ao abeiro dos regulamentos comunitarios, for inferior ao mínimo que corresponda á pensión

de que se trate, garantiráselle ao beneficiario, mentres resida en territorio nacional, a diferenza necesaria ata alcanzar o referido mínimo, de acordo coas normas xerais establecidas para a súa concesión.

Disposición adicional primeira. *Complementos para mínimos e actualización doutras pensións de clases pasivas.*

1. Para o ano 2009 aplicaranse os complementos económicos regulados no capítulo II deste real decreto ás pensións de orfandade recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, de recoñecemento de dereitos e servizos prestados a aqueles que durante a guerra civil formaron parte das forzas armadas, forzas de orde pública e corpo de carabineiros da República, así como ás recoñecidas a favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, sobre recoñecemento de pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social a favor de viúvas, fillos e demais familiares dos españois falecidos como consecuencia ou con ocasión da pasada guerra civil, e 35/1980, do 26 de xuño, sobre pensións aos mutilados excombatentes da zona republicana, e a aquelas outras causadas polos operarios de lotarías, o persoal das minas de Almadén e os facultativos sanitarios inutilizados ou falecidos con motivo de servizos extraordinarios en época de epidemia, e subdelegados de Sanidade a que se refire a Lei do 11 de xullo de 1912.

2. As pensións en favor de familiares concedidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, e da Lei 35/1980, do 26 de xuño, con excepción das pensións de orfandade a que se refire o punto anterior, así como da Lei 6/1982, do 29 de marzo, de pensións aos mutilados civís de guerra, e as pensións de viuvez do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento, non poderán ser inferiores no ano 2009 ao importe establecido, para o citado exercicio económico, como de contía mínima no sistema da seguranza social para as pensións de viuvez de titulares maiores de sesenta e cinco anos.

Disposición adicional segunda. *Adaptación de oficio dos complementos para mínimos.*

1. As pensións de clases pasivas ás cales se aplicaron complementos económicos durante o ano 2008 adaptaranse de oficio, e con carácter provisional, con efectos do 1 de xaneiro de 2009, ás contías establecidas no artigo 8 deste real decreto, presumíndose que os seus titulares reúnen as condicións e requisitos exixidos no dito precepto, mentres os servizos administrativos correspondentes comproben a concorrencia das ditas condicións e requisitos.

2. Se da comprobación antes citada se deducir a ausencia dalgún requisito ou condición, procederá o cesamento inmediato no aboamento do complemento, con reintegro do indebidamente percibido por tal concepto desde, como máximo, o primeiro de xaneiro do ano 2009. Igualmente, se da dita comprobación derivar a necesidade de modificar a contía do complemento, practicarase a oportuna modificación, con reintegro do indebidamente percibido desde a data antes indicada.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 9.4 deste real decreto, procederá retrotraer o reintegro do indebidamente percibido na data inicial en que o complemento económico se comezou a aboar en exercicios anteriores, ata un máximo de catro anos, se da comprobación efectuada resultase a evidencia de que o perceptor daquela cometeu algunha omisión ou falsidade na declaración presentada no momento de solicitar a aplicación do complemento, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir.

Disposición adicional terceira. *Actualización das axudas sociais do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, polo que se conceden axudas aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) como consecuencia de actuacións realizadas no sistema sanitario público.*

De acordo co establecido nas disposicións adicionais décimo primeira e décimo segunda da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, as contías mensuais

das axudas sociais, en favor das persoas que resultaron contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), reguladas nas alíneas b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, determinaranse mediante a aplicación das proporcións reguladas nas alíneas citadas sobre o importe de 581,79 euros.

Así mesmo, os perceptores das citadas axudas sociais, con data inicial de aboamento anterior ao 1 de xaneiro do ano 2009, terán dereito a percibir, antes do 1 de abril deste ano e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á que resulte de lle aplicar á axuda percibida durante 2008 o coeficiente 0,0039216.

Disposición adicional cuarta. *Aboamento de cantidade compensatoria.*

De acordo co previsto na disposición adicional décimo primeira da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, os pensionistas de clases pasivas que tivesen percibido durante o ano 2008 pensións obxecto de revalorización, así como aqueles que tivesen percibido a contía correspondente ás pensións mínimas ou ao límite máximo de percepción das pensións públicas, ou os seus herdeiros, recibirán, antes do 1 de abril deste ano e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á que resulte de lle aplicar á pensión percibida durante o ano 2008 o coeficiente 0,0039216.

O disposto no parágrafo anterior será, así mesmo, de aplicación ás pensións de clases pasivas con data inicial de aboamento durante o ano 2008, para cuxa determinación se tivesen en conta haberes reguladores susceptibles de actualización no mencionado exercicio.

Disposición adicional quinta. *Importes regularizados de determinadas pensións e haberes reguladores no ano 2008.*

1. As contías das pensións mínimas para o ano 2008 son as seguintes:

| | A Pensión mínima mensual | B Ingresos anuais máximos |
|--|----------------------------------|---|
| Pensión de xubilación ou retiro cando existe cónxuxe a cargo do titular. | 661,34 euros | 16.020,37 euros |
| Pensión de xubilación ou retiro cando non exista cónxuxe ou, existindo, non estea a cargo. | 530,63 euros | 14.190,43 euros |
| Pensión de viuvez | 530,63 euros | 14.190,43 euros |
| Pensión ou pensións en favor doutros familiares, sendo «n» o número de beneficiarios da pensión ou pensións. | $\frac{530,63 \text{ euros}}{n}$ | $\frac{6.761,61 + 7.428,82 \text{ euros}}{n}$ |

No suposto de pensión ou pensións en favor doutros familiares que fosen percibidas por varios beneficiarios, a cifra resultante da columna A do cadro anterior non será inferior a 170,69 euros mensuais, respecto de cada un daqueles beneficiarios cuxos ingresos anuais non superen os que figuran na columna B. Non obstante, cando algún dos beneficiarios sexa orfo discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por cento, a contía mínima que se lle recoñecerá ao dito orfo será de 336,14 euros mensuais, sempre que cumpra o requisito de límite de ingresos citado.

2. Para a determinación inicial das pensións de clases pasivas con data de efectos económicos de 2008, os valores consignados no anexo I do Real decreto 1761/2007, do 28 de decembro, unha vez regularizados de acordo co IPC no período novembro 2007 a novembro 2008, serán os que figuran no anexo II deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para disposicións de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para que dite as disposicións de carácter xeral que resulten necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor e efectos económicos.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo de que os efectos económicos se retrotraian, cando así proceda, ao 1 de xaneiro do ano 2009.

Dado en Madrid o 9 de xaneiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

ANEXO I

Ano 2009

Haberes reguladores do título VI da Lei de orzamentos xerais do estado para 2009

I. Artigo 40

Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións ao abeiro do título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado

Un.a)

| Grupo/subgrupo Lei 7/2007 | Haber regulador – Euros/ano |
|---|-----------------------------------|
| A ₁ | 38.385,89 |
| A ₂ | 30.210,66 |
| B | 26.454,35 |
| C ₁ | 23.202,32 |
| C ₂ | 18.356,88 |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais | 15.650,69 |

Un.b)

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

| Índice | Haber regulador – Euros/ano |
|--------|-----------------------------------|
| 10 | 38.385,89 |
| 8 | 30.210,66 |
| 6 | 23.202,32 |
| 4 | 18.356,88 |
| 3 | 15.650,69 |

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

| Multiplicador | Haber regulador – Euros/ano |
|---------------|-----------------------------------|
| 4,75 | 38.385,89 |
| 4,50 | 38.385,89 |
| 4,00 | 38.385,89 |
| 3,50 | 38.385,89 |
| 3,25 | 38.385,89 |
| 3,00 | 38.385,89 |
| 2,50 | 38.385,89 |
| 2,25 | 30.210,66 |
| 2,00 | 26.454,35 |
| 1,50 | 18.356,88 |
| 1,25 | 15.650,69 |

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

| Corpo | Haber regulador – Euros/ano |
|----------------------------|-----------------------------------|
| Secretario xeral | 38.385,89 |
| De letrados | 38.385,89 |
| Xerente | 38.385,89 |

CORTES XERAIS

| Corpo | Haber regulador – Euros/ano |
|---|-----------------------------------|
| De letrados | 38.385,89 |
| De arquivistas-bibliotecarios | 38.385,89 |
| De asesores facultativos | 38.385,89 |
| De redactores, taquígrafos e estenotipistas | 38.385,89 |
| Técnico-administrativo | 38.385,89 |
| Administrativo | 23.202,32 |
| De uxieres | 18.356,88 |

Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións ao abeiro do título II do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado

Haberes reguladores

Dous.a)

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

| Índice | Grao | Grao especial | Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros |
|----------|------|---------------|---|
| 10 (5,5) | 8 | | 25.732,96 |
| 10 (5,5) | 7 | | 25.025,73 |
| 10 (5,5) | 6 | | 24.318,53 |
| 10 (5,5) | 3 | | 22.196,86 |
| 10 | 5 | | 21.835,74 |
| 10 | 4 | | 21.128,54 |
| 10 | 3 | | 20.421,35 |
| 10 | 2 | | 19.714,08 |
| 10 | 1 | | 19.006,86 |
| 8 | 6 | | 18.362,16 |
| 8 | 5 | | 17.796,49 |
| 8 | 4 | | 17.230,81 |
| 8 | 3 | | 16.665,11 |
| 8 | 2 | | 16.099,45 |
| 8 | 1 | | 15.533,74 |
| 6 | 5 | | 13.988,60 |
| 6 | 4 | | 13.564,47 |
| 6 | 3 | | 13.140,39 |
| 6 | 2 | | 12.716,22 |
| 6 | 1 | (12 por 100) | 13.716,27 |
| 6 | 1 | | 12.292,07 |
| 4 | 3 | | 10.350,88 |
| 4 | 2 | (24 por 100) | 12.351,16 |
| 4 | 2 | | 10.068,05 |
| 4 | 1 | (12 por 100) | 10.927,81 |
| 4 | 1 | | 9.785,22 |
| 3 | 3 | | 8.937,28 |
| 3 | 2 | | 8.725,18 |
| 3 | 1 | | 8.513,12 |

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

| Multiplicador | Importe por concepto de soldo en cómputo anual - Euros |
|---------------|--|
| 4,75 | 42.022,65 |
| 4,50 | 39.810,92 |
| 4,00 | 35.387,48 |
| 3,50 | 30.964,04 |
| 3,25 | 28.752,33 |
| 3,00 | 26.540,60 |
| 2,50 | 22.117,17 |
| 2,25 | 19.905,45 |
| 2,00 | 17.693,74 |
| 1,50 | 13.270,30 |
| 1,25 | 11.058,59 |

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

| Corpo | Importe por concepto de soldo en cómputo anual - Euros |
|----------------------------|--|
| Secretario xeral | 39.810,92 |
| De letrados | 35.387,48 |
| Xerente | 35.387,48 |

CORTES XERAIS

| Corpo | Importe por concepto de soldo en cómputo anual - Euros |
|---|--|
| De letrados | 23.158,92 |
| De arquivistas-bibliotecarios | 23.158,92 |
| De asesores facultativos | 23.158,92 |
| De redactores, taquígrafos e estenotipistas | 21.267,17 |
| Técnico-administrativo | 21.267,17 |
| Administrativo | 12.807,85 |
| De uxieres | 10.131,14 |

Trienios

Dous.b)

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

| Índice | Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros |
|--------|---|
| 10 | 831,30 |
| 8 | 665,05 |
| 6 | 498,76 |
| 4 | 332,54 |
| 3 | 249,39 |

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

| Multiplicadores para efectos de trienios | Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros |
|---|---|
| 3,50 | 1.548,18 |
| 3,25 | 1.437,62 |
| 3,00 | 1.327,03 |
| 2,50 | 1.105,84 |
| 2,25 | 996,63 |
| 2,00 | 884,70 |
| 1,50 | 663,51 |
| 1,25 | 552,94 |

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

| Corpo | Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros |
|----------------------------|--|
| Secretario xeral | 1.548,18 |
| De letrados | 1.548,18 |
| Xerente | 1.548,18 |

CORTES XERAIS

| Corpo | Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros |
|---|--|
| De letrados | 946,92 |
| De arquivistas-bibliotecarios | 946,92 |
| De asesores facultativos | 946,92 |
| De redactores, taquígrafos estenotipistas | 946,92 |
| Técnico-administrativo | 946,92 |
| Administrativo | 568,17 |
| De uxieres | 378,76 |

II. Artigo 41

| Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións especiais de guerra | |
|---|-----------|
| Dous.1 a) | 4.743,30 |
| Dous.1 b) | 12.792,57 |
| Tres a) | 8.954,80 |
| Catro. | 5.683,07 |

A contía das pensións de orfandade en favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño, será de 145,32 euros mensuais.

ANEXO II

Ano 2008

Haberes reguladores contidos no anexo I do Real decreto 1761/2007, do 28 de decembro, actualizados de acordo co IPC do 2,4 por cento

I. Artigo 39

Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións ao abeiro do título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado

Un.a)

| Grupo / subgrupo Lei 7/2007 | Haber regulador Euros/ano |
|---|------------------------------|
| A ₁ | 37.633,23 |
| A ₂ | 29.618,29 |
| B | 25.935,64 |
| C ₁ | 22.747,37 |
| C ₂ | 17.996,94 |
| E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais | 15.343,81 |

Un.b)

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

| Índice | Haber regulador Euros/ano |
|--------|------------------------------|
| 10 | 37.633,23 |
| 8 | 29.618,29 |
| 6 | 22.747,37 |
| 4 | 17.996,94 |
| 3 | 15.343,81 |

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

| Multiplicador | Haber regulador Euros/ano |
|---------------|------------------------------|
| 4,75 | 37.633,23 |
| 4,50 | 37.633,23 |
| 4,00 | 37.633,23 |
| 3,50 | 37.633,23 |
| 3,25 | 37.633,23 |
| 3,00 | 37.633,23 |
| 2,50 | 37.633,23 |
| 2,25 | 29.618,29 |
| 2,00 | 25.935,64 |
| 1,50 | 17.996,94 |
| 1,25 | 15.343,81 |

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

| Corpo | Haber regulador - Euros/ano |
|----------------------------|-----------------------------------|
| Secretario xeral | 37.633,23 |
| De letrados | 37.633,23 |
| Xerente | 37.633,23 |

CORTES XERAIS

| Corpo | Haber regulador - Euros /ano |
|---|------------------------------------|
| De letrados | 37.633,23 |
| De arquivistas-bibliotecarios | 37.633,23 |
| De asesores facultativos | 37.633,23 |
| De redactores, taquígrafos e estenotipistas | 37.633,23 |
| Técnico-administrativo | 37.633,23 |
| Administrativo | 22.747,37 |
| De uxieres | 17.996,94 |

Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións ao abeiro do título II do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado

Haberes reguladores

Dous a)

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

| Índice | Grao | Grao especial | Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros |
|----------|------|---------------|---|
| 10 (5,5) | 8 | | 25.228,39 |
| 10 (5,5) | 7 | | 24.535,03 |
| 10 (5,5) | 6 | | 23.841,70 |
| 10 (5,5) | 3 | | 21.761,63 |
| 10 | 5 | | 21.407,59 |
| 10 | 4 | | 20.714,25 |
| 10 | 3 | | 20.020,93 |
| 10 | 2 | | 19.327,53 |
| 10 | 1 | | 18.634,18 |
| 8 | 6 | | 18.002,12 |
| 8 | 5 | | 17.447,54 |
| 8 | 4 | | 16.892,95 |
| 8 | 3 | | 16.338,34 |
| 8 | 2 | | 15.783,77 |
| 8 | 1 | | 15.229,16 |
| 6 | 5 | | 13.714,31 |
| 6 | 4 | | 13.298,50 |
| 6 | 3 | | 12.882,74 |
| 6 | 2 | | 12.466,88 |
| 6 | 1 | (12 por 100) | 13.447,32 |
| 6 | 1 | | 12.051,05 |
| 4 | 3 | | 10.147,92 |
| 4 | 2 | (24 por 100) | 12.108,98 |
| 4 | 2 | | 9.870,64 |
| 4 | 1 | (12 por 100) | 10.713,54 |
| 4 | 1 | | 9.593,35 |
| 3 | 3 | | 8.762,04 |
| 3 | 2 | | 8.554,10 |
| 3 | 1 | | 8.346,20 |

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

| Multiplicador | Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros |
|---------------|--|
| 4,75 | 41.198,68 |
| 4,50 | 39.030,31 |
| 4,00 | 34.693,61 |
| 3,50 | 30.356,90 |
| 3,25 | 28.188,56 |
| 3,00 | 26.020,20 |
| 2,50 | 21.683,50 |
| 2,25 | 19.515,15 |
| 2,00 | 17.346,80 |
| 1,50 | 13.010,10 |
| 1,25 | 10.841,75 |

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

| Corpo | Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros |
|----------------------------|--|
| Secretario xeral | 39.030,31 |
| De letrados | 34.693,61 |
| Xerente | 34.693,61 |

CORTES XERAIS

| Corpo | Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros |
|---|--|
| De letrados | 22.704,82 |
| De arquivistas-bibliotecarios | 22.704,82 |
| De asesores facultativos | 22.704,82 |
| De redactores, taquígrafos e estenotipistas | 20.850,17 |
| Técnico-administrativo | 20.850,17 |
| Administrativo | 12.556,72 |
| De uxieres | 9.932,49 |

Trienios

Dous.b)

ADMINISTRACIÓN CIVIL E MILITAR DO ESTADO

| Índice | Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros |
|--------|---|
| 10 | 815,00 |
| 8 | 652,01 |
| 6 | 488,98 |
| 4 | 326,02 |
| 3 | 244,50 |

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

| Multiplicadores para efectos de trienios | Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros |
|---|---|
| 3,50 | 1.517,82 |
| 3,25 | 1.409,43 |
| 3,00 | 1.301,01 |
| 2,50 | 1.084,16 |
| 2,25 | 977,09 |
| 2,00 | 867,35 |
| 1,50 | 650,50 |
| 1,25 | 542,10 |

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

| Corpo | Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros |
|----------------------------|--|
| Secretario xeral | 1.517,82 |
| De letrados | 1.517,82 |
| Xerente | 1.517,82 |

CORTES XERAIS

| Corpo | Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros |
|---|--|
| De letrados | 928,35 |
| De arquiveiros-bibliotecarios | 928,35 |
| De asesores facultativos | 928,35 |
| De redactores, taquígrafos e estenotipistas | 928,35 |
| Técnico-administrativo | 928,35 |
| Administrativo | 557,03 |
| De uxieres | 371,33 |

II. Artigo 40

| Haberes reguladores para a determinación inicial das pensións especiais de guerra | |
|--|-----------|
| Dous.1 a) | 4.650,29 |
| Dous.1 b) | 12.541,74 |
| Tres a) | 8.779,22 |
| Catro | 5.571,64 |

A contía das pensións de orfandade en favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño, será de 142,47 euros mensuais.